



Folla de sala / Galego

## RELOXOS de SOL

3-1

Dende épocas moi remotas o home sentiu a necesidade de medir o tempo producindo, gracias ao seu inxenio e ao desenvolvemento tecnolóxico de cada época, os mecanismos necesarios para tal fin.

Poderíase establecer unha gran división en dous bloques:

Reloxos non mecánicos: reloxos de sol, reloxos de auga ou clepsidras, reloxos de lume e de area; e reloxos mecánicos que empezan a construírse con pezas mecánicas móveis a fins do século XIII.

É moi chamativa a gran abundancia de reloxos de sol en Galicia, unha rexión na que predominan os días nubrados. Na súa maioría trátase de obras de artesanía popular, construídas case sempre en granito procedente das canteiras da Provincia de Pontevedra aínda que en Lugo estílanse mais os de lousa.

Os reloxos de sol son instrumentos para medir o tempo, concretamente as horas do día.

Dende as súas orixes consta de dúas partes fixas: unha é a chamada face, cara ou táboa do reloxo, que é a superficie sobre a que están marcadas as liñas que representan as horas do día; a outra é unha variña chamada estilo, ou *gnomon* si é unha superficie plana. A sombra que o movemento do sol vai proxectando ó longo do día sobre a face é a que sinala as horas.

O Museo Provincial de Lugo conta con corenta e dúas pezas clasificadas da seguinte forma:

- Rectangulares (16)
- Antropomorfos (21)
- Circulares (1)
- Semicirculares (1)
- De fantasía (2)
- Cúbicos (1)

En canto á súa construción a maioría dos exemplares son verticais ortomericidianos (sempre orientados ó Sur). Tamén hainos meridiáns, canónicos, e moi escasos son os horizontais, dos que o Museo posúe un de lousa.

Atendendo a súa datación cronolóxica o mais antigo é do século XVII, pero a maioría é do XIX.



Hoja de sala / Castellano

## RELOJES de SOL

3-1

Desde épocas muy remotas el hombre sintió la necesidad de medir el tiempo produciendo, gracias a su ingenio y al desenvolvimiento tecnológico de cada época, los mecanismos necesarios para tal fin.

Podría establecerse una gran división en dos bloques:

Relojes no mecánicos: relojes de sol, relojes de agua o clepsidras, relojes de fuego y de arena; y relojes mecánicos que empiezan a construirse con piezas mecánicas móviles a fines del siglo XIII.

Es muy llamativa la gran abundancia de relojes de sol en Galicia, una región en la que predominan los días nublados. En su mayoría se trata de obras de artesanía popular, construídas casi siempre en granito procedente de las canteras de la provincia de Pontevedra) aunque en Lugo se estilan más los de losa.

Los relojes de sol son instrumentos para medir el tiempo, concretamente las horas del día.

Desde sus orígenes constan de dos partes fijas: una es la llamada faz, cara o tabla del reloj, que es la superficie sobre la que están marcadas las líneas que representan las horas del día; la otra es una varilla llamada estilo, o *gnomon* si es una superficie plana. La sombra que el movimiento del sol va proyectando a lo largo del día sobre la faz es la que señala las horas.

El Museo Provincial de Lugo cuenta con cuarenta y dos piezas clasificadas de la siguiente forma:

- Rectangulares (16)
- Antropomorfos (21)
- Circulares (1)
- Semicirculares (1)
- De fantasía (2)
- Cúbicos (1)

En cuanto a su construcción la mayoría de los ejemplares son verticales ortomeridianos (siempre orientados al Sur). También los hay meridianos, canónicos, y muy escasos son los horizontales, de los que el Museo posee uno de pizarra.

Atendiendo a su datación cronológica el más antiguo es del siglo XVII, pero la mayoría pertenece al XIX.